

POEMAS POLA VIDA



Muitos foron e son as e os poetas que pagaron caro (persecución, exilio, prisión, morte...) el sou compromiso coa dignidade humana e coa VIDA.

Recordándolos, temos úa nova sección na web de Axuntar, "POETAS POLA VIDA", na que participamos cos nosos vídeos, pensando en primeiro lugar nel infernal holocausto -retransmitido día a día- da Palestina aniquilada, pero coa ollada aberta a outras partes del mundo onde se resistíu e onde se sigue resistindo ás forzas escuras.

Compartimos tamén a versión escrita desos poemas neste pequeno libro.

I

Muin Basisu naceu en Gaza en 1927. A causa da creación del Estado de Israel en 1948, viuse obrigado a abandonar Palestina, vivindo exiliado en diversos países. Estableceuse en Beirut a principios da década de 1970, participando activamente na vida cultural e política da cidade asta a invasión israelí del Líbano en 1982 que lo empuxou a un novo exilio. Moríu en Londres en 1984.

EU, TU, EL

Nel sou vocabulario non había árbores
nin flores...
Nel sou vocabulario non había páxaros.

Sólo sabíal lo que lle ensinaran:
a matar os páxaros,
e mataba os páxaros,
a odiar a lúa,
e odiaba a lúa,
a ter un corazón de pedra,
e tía un corazón de pedra,
a berrar: "¡Viva lo que seña!"

"¡Abaxo lo que seña!"

"¡Morte a lo que seña!"

Nel sou vocabulario non había árbores,
nel sou vocabulario non había
tu nin eu

porque tía que matarnos
a ti e a min.

Sólo sabía lo que
lle ensinaran:
a matarnos a ti e a min.

(Poema lido por Paloma García, Castropol)

II

Hiba Kamal, escritora gazatí de 32 anos, morreu en medio del bombardeo israelí contra a cidade de Jan Yunis, en Gaza. Us días antes da súa morte escribiu este poema:

A noite na cidade é oscura
salvo polo brillo dos misiles;
silenciosa,
salvo polo son dos bombardeos;
aterradora,
salvo pola promesa tranquilizadora da oración;
moura,
salvo pola luz dos mártires.
Búas noites.

(Poema lido por Begoña Martín, Boal)



Renée Nicole Macklin-Good, galardonada pola Academia de Poetas Americanos 2020 da Universidade Old Dominion. Renée Nicolás foi onte asesinada en Minneapolis (USA) polo ICE (Servicio de Inmigración e Control de Aduanas).

FAI ESPAZO PARA EL ASOMBRO

Toda a mía comprensión esvara polas
mías meixelas asta el meu peito e
pódese resumir así:

a vida é solo
un óvulo e un esperma
e el lugar onde se atopan,
e con qué frecuencia e con qué éxito,
e qué morre alí.

(Poema lido por Quique Roxíos, Astigarraga -Gipuzkoa-)

IV

Suso Díaz

Traio nos ollos
o peso da metralla
negando a vida.

(Poema lido por Cruz Penabad, Ferrol)

V

Adela Figueroa Panisse

A GUERRA

Bombas de guerra fazem em ti buracos
e a calor transforma a areia em vidro
em quanto a branca flor da margarida
mostra-nos cada primavera
o botão dourado de seu umbigo.

Lutam os homens
no turreiro improvisado dos horrores.

Por enquanto,
ignorante e impassível a violeta
entre as bombas, sem espanto
lança para o ar
seu arrecendo adoçado.

(Poema lido por Douglas Anunciação, Ferrol)

VI

Nazim Hikmet naceu en Salónica (Imperio otomano, actual Turquía) en 1901. A causa da súa ideoloxía pasou gran parte da vida en prisión e nel exilio. Ta considerado el mellor poeta turco del siglo XX. Faleceu en Moscú en 1963.

El mar máis fermoso
é el que non vimos.

A criatura máis guapa
einda non naceu.

Os nosos días máis luminosos
einda tán por chegar.

E lo mellor que teño que decirche
einda non cho dixen.

(Poema lido por Patane García, Serantes)

VII

Gioconda Belli naceu en Managua, Nicaragua, en 1948. Conoceu el exilio dúas veces: durante a segunda delas expropiáronlle a casa e foi privada da súa nacionalidade. Vive actualmente en España.

INSOMNIO CON PALABRAS

De noite as palabras pasan devagar,
discretamente esvaran entre os obxectos
medosas del ruído quitan os zapatos
sobre os meus ombros insomnes enhalan
el poema sácame da cama.
Tanto silencio rodea as mías dúas maos
estas maos que forman signos, sinais de fume, lazos
pra chegar a outros e atravesar distancias misteriosas.
Quero decir que vivo, quero decir que quero
que sufro, que río
que soi un embrullo de muller nel límite da noite e del
insomnio
Muller de páxaros, de estaciois en branco e negro
Muller poeta ansiosa de palabras
nun país cunha lingua estraña.

(Poema lido por Laura Varea, O Rosal)

VIII

Ahmed Arif (Turquía, 1927-1991), foi un escritor kurdo-turco que na súa mocidade sufriu prisión e tortura. Poeta mui popular e famoso nel sou país, el sou único poemario publicado en vida é un dos libros de poesía máis reeditados en Turquía.

AQUÍ DENTRO

Muro de pedra: xa lo sabes?
Porta de ferro, ventá cega,
almofada, celda, cadea,
ideal por el que vin e por el que vou á morte,
retrato escondido nas tenebras:
xa lo sabedes?
A visita tróuxome úa cebola verde,
el meu cigarro ule a clavo.
Arriba, aló na terra... chegou a primavera.

(Poema lido por Geraldine Maynadier, A Coruña)

IX

Glauce Baldovin, poeta arxentina (Río Cuarto, 1928-Córdoba 1995), foi tamén docente e directora de revistas literarias. Ela e a súa familia foron vítimas da represión durante a dictadura militar.

NON ESCOLLEU EL SILENCIO

Non escolleu el silencio.

Pode que desde nena alguén la fora puxando.

Alguén que dixo non te tires al tarrén non saltes á comba.

Non toques ese gato.

Alguén que falaba muito. Que non escuitaba.

Quen sabe?

Solo ela lo sabe. Ou non lo sabe.

E deambula polas pontes.

Párase nas estaciois ver pasar os trenes.

Debuxa espirales nel aire.

Naide conoce el fondo dos sous ollos. Nin el sou espello.

María pasou as maos por riba del e deixoulo cego.

(Poema lido por Emilio Roca, Camariñas)

X

Mauricio Rosencof (Florida, Uruguai, 1933) é un poeta e dramaturgo que compartiu (einda que aislados entre sí) un longo e angustioso cativerio con José Mujica, feito que inspirou a película "A noite de doce anos" (2018). Preso nun furado sen color nin paisaxe, case sen papel, inventou alguén con quen falar (ás veces úa alparagata, ás veces un gato). Unha vez libre, continuou escribindo, principalmente ficción e obras de teatro, sen perder a ironía, a tenrura nin a lucidez.

Volvín
falar
coa
alparagata.
Non debo
facelo
máis.
Evitarei
En lo
sucesivo
a súa mirada.

Nel muro
os páxaros-mancha
anuncian humedade.
É a estación
das chuvias
nel máis aló.

(Poema lido por Beatriz Navarro, Camariñas)

XENEIRO 2026

